



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical Telefónica – A Coruña  
Teléfono 981183969 – Fax 981183679  
Email [coruna@cigtelefonica.com](mailto:coruna@cigtelefonica.com)  
[www.cigtelefonica.com](http://www.cigtelefonica.com)

## Pleno do Comité Nº 32 - 2 de xullo de 2010

**1.- Actas:** Hai presentadas unhas propostas de modificación á acta 30 por parte de CIG e STC, seica non hai problemas para aceptalas pero queren engadir dous parágrafos. AST e STC piden revisar as propostas antes de ser aprobada a acta polo que queda a súa aprobación para a vindeira permanente. Segue pendente de entregar o borrador da 31.

### **2.- Comisións:**

**CPSS:** Dende o anterior pleno non houbo reunión do Comité Provincial de Seguridade e Saúde. Coméntase que se lle entregou ao Presidente do CPSS o escrito sobre o protocolo de actuación en caso de alertas meteorolóxicas para que se trate o tema na seguinte reunión.

**Xestión:** Houbo Comisión o pasado 9 de xuño e tratáronse os seguintes puntos:

- Comercial: A xefa de comercial di que vai haber cambios no proceso de converxencia con Móviles pero non explica que actividade vai desenvolver o grupo que deixara de ser CRC (Baixas) a partir do 1 de Agosto. Indica que ditos cambios non afectarán nin a quendas nin a vacacións, e que aínda non están elaborados os cursos de formación pero que non comezará a nova actividade ata que o persoal estea formado.
- CNOC Espiño: Amplíase unha quenda de noite de luns a venres de xeito temporal (do 10/07 ao 05/09) para que as incidencias con escalado de Nivel 1 sexan tratados polos OTPI, estas estaban a ser atendidas por encargados en Madrid e RRHH non acepta que as incidencias sexan tratadas polos encargados da Coruña, entrando nunha rolda cos de Madrid para poder cubrir as quendas.
- Festivos Locais: RRHH mantén a proposta de anos anteriores e pide que se lle envíe o calendario o antes posible.
- Curso de Formación: Os empregados de Creación de Planta foron convocados a un curso de 14 horas en dous días lectivos. Dende o Comité xa se enviara un escrito no que se explicaba que segundo a Normativa, estes cursos non deben superar as 6h/día. A empresa alega que o curso ten unha parte práctica que consiste nunha visita a unha central, é a maneira que ten a empresa de xustificar que un curso teórico sobrepase as 6 horas lectivas, cando a propia Normativa di o contrario.

**Formación:** Non se celebrou a que estaba prevista para o 24 de xuño, na Permanente do día 22 tocouse este tema pois os membros que representan ao Comité nesta comisión non podían asistir por estar de vacacións, CCOO e UGT propoñían que asistisen o Presidente e o Secretario no seu lugar pero como non se chegou a acordo pediuse un aprazamento. RRHH respondeu que a reunión terá que ser despois do verán.

**Podedes consultar na nosa web os informes dos CPSS e as Comisións de Xestión**

**3.- Convenio Colectivo:** Punto presentado pola CIG co seguinte texto:

**Proposta CIG Convenio Colectivo**

Cando os traballadores e traballadoras acudimos á negociación colectiva, facémolo coa intención de mellorar as nosas condicións laborais; na situación actual tamén.

Din algúns que a situación mundial, coa crise económica, é moi complicada. Mais a situación de Telefónica, por ingresos e beneficios, non ten nada que ver con problemas económicos. A crise estamos a pagala os traballadores e traballadoras, saíndo beneficiadas as grandes empresas e o capital.

Din outros que "coa que esta a caer" mellor quedar como estamos. O certo é que nas mesas de negociación permanente chégase a acordos que empeoran as nosas condicións laborais, probablemente teñamos que mobilizarnos, e moito, para evitar estes acordos.

A mellor maneira de defendernos é negociar un novo convenio que peche asuntos que están a xogar na nosa contra. A negociación colectiva permite que o conxunto do cadro de persoal poida implicarse na defensa dos seus dereitos, polo tanto, dende a CIG, temos claro que non se debe prorrogar un convenio que deixa para as mesas de negociación permanente cuestións que acabarán por modificar, a peor, as nosas condicións laborais.

**Proposta de Resolución da CIG ao Comité de Empresa de A Coruña:**

O comité de Empresa de A Coruña acorda dirixirse ao Comité Intercentros para solicitar que, salvo posicionamento favorable do cadro de persoal expresado en referendo, non se prorrogue o actual CC 2008/2010 e se negocie un novo CC que garanta, e mellore, as actuais condición de traballo.

Exposta a nosa posición pedimos que os demais expliquen cal é a súa postura. CCOO entende que as nosas valoracións son subxectivas e non está de acordo con elas, para STC é precipitado posicionarse pero estarían dispostos a que houbo un referendo sobre o tema, AST presenta outra proposta pero ao estar fóra de prazo retíranla e déixana para o vindeiro pleno. Así as cousas vótase co seguinte resultado:

A favor 1 (CIG) / En contra 8 (CCOO e UGT) / Abstencións 3 (CGT, AST e STC)

**A nosa proposta é rexeitada.**

**4.- Festivos Locais:** Proporáselle á empresa o seguinte:

A Coruña: día a librar o 13 de agosto e o resto de horas (2.5) o día 12, como o ano pasado a empresa insiste en que a semana que dá o dereito ás horas é a do 2 ao 6 de agosto.

Santiago: preséntanse dúas opcións, día completo o 23 de xullo e o resto o 22 ou día completo o 26 de xullo e o resto o 23.

Ferrol: día a librar o 6 de agosto o resto das horas serían o 5.

Para o resto de localidades non haberá problemas de datas.